# Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
# do 20 de xullo do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.
Non asiste: José Luis Sampedro Bouzas.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 12.00 horas do día 20 de xullo de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 30 de xuño de 2016.
2º.- Licenza de obra menor.
3º.- Licenzas de vado permanente.
4º.- Licenzas de primeira ocupación.
5º.- Comunicación previa (apertura).
6º.- Licenza de obra maior.
7º.- Licenzas de segregación.
8º.- Comunicacións previas (obra menor).
9º.- Corrección de erros.

**PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 30 DE XUÑO DE 2016.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 30 de xuño de 2016.

**SEGUNDO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE LINO REGUEIRO MENDEZ, con domicilio en Sabaxáns 2, Bastavales, na que solicita licenza de obra para colocar tubos de formigón, de 40 cm. de sección, á entrada da finca 1134 do polígono 60, no lugar de Sabaxáns, Bastavales, nunha lonxitude de 3 metros.
A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que se repoña ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**TERCEIRO.- LICENZAS DE VADO PERMANENTE**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por LOUDIANE APARECIDA DA MOTA, con domicilio na Avd. dos Ánxeles 38I, Os Ánxeles, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Avd. dos Ánxeles 38 I, Os Ánxeles.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) A Xunta de Goberno Local en sesión de data 29.03.2016 concedeu a PATRICIA FERNANDEZ PATRON autorización para instalación de vado permanente en Guitiande 12- Os

Ánxeles. Segundo se manifesta polo interesado produciuse un erro á hora de sinalizar en amarelo o lugar do vado.
Visto o informe favorable do asesor xurídico urbanístico do concello, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º) Complementar o acordo da Xunta de Goberno Local do 29.03.2016 no senso de indicar o lugar concreto que se sinalizará de amarelo, consonte coa documentación gráfica presentada no rexistro do concello con data 18.07.2016 (r.e. 3156).

**CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alberto Blanco Rodríguez, que di actuar en representación de JOSE CARLOS PEREZ ROMAN, con domicilio na Avd. da Peregrina 2, 2ºA, Bertamiráns, Ames, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar no lugar de Babenzo 56, Bastavales.
Con data 30/04/2015 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a José Carlos Pérez Román, para a construción dunha vivenda unifamiliar.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22/03/2016, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA CELIA PAZOS SOAGE, con domicilio en Beca 15, Bastavales, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar no lugar de Beca 31, Bastavales.
Con data 19/05/2005 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Traza Management SL, para a construción dunha vivenda unifamiliar.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Pablo Castro Pais, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26/05/2016, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Santiago Tarrío Salvado e Esther Garrido Vilas, con domicilio en Sabaxáns 54, Bastavales, na que se comunica o cambio de titularidade da licenza de café bar mesón parrillada “ O Padriño”, situado en Sabaxáns 54, Bastavales.
A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Martín Gómez Precedo e preténdese poñer a nome de Santiago Tarrío Salvado.
A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café bar mesón parrillada “ O Padriño”, situado en Sabaxáns 54, Bastavales, a nome de Santiago Tarrío Salvado.

**SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CARLOTA MERA VIDAL e JOHN NIETO LOPEZ, con domicilio en Sabaxáns 10, Bastavales, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Sabaxáns 85, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución da arquitecta Laura Reboredo Suárez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/02/2016 e documentación complementaria visada o 10/03/2016 e o 18/04/2016.
A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como solo urbano UC2.
A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, e da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 04.07.2016 ( expte 971/16 ), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Laura Reboredo Suárez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/02/2016 e documentación complementaria visada o 10/03/2016 e o 18/04/2016.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que os interesados deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**SETIMO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Javier Suárez del Río, que di actuar en representación de GONZALO LOPEZ MENDEZ, con domicilio na Rúa da Pomba 9, Os Ánxeles, de solicitude de licenza de segregación da finca urbana 6647309NH2464N0001MD, situada na Rúa da Pomba, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Javier Suárez del Río.

Descrición da parcela orixinal:

Referencia catastral 6647309NH2464N0001MD.
Superficie: 1.359 m$^2$.
Clasificación urbanística: solo urbano adscrito a viais principais (UC1).
Lindes:
Norte: estrada de Santiago a Noia e finca parcela segregada.
Sur: con labradío dos herdeiros de Nemesia Rodríguez.
Leste: con camiño da estrada ao Alqueidón (Rúa da Pomba), finca doada a Gonzalo López Méndez e finca formada por segregación e que adquire Gonzalo López Méndez.

Oeste: parcela de Enrique Méndez Rodríguez e finca formada por segregación e que adquire Gonzalo López Méndez.

Segregación pretendida:

PARCELA 1.

Superficie: 675 $m^2$.
Clasificación urbanística: solo urbano adscrito a viais principais (UC1).
Lindes:
Norte: parcela 2 desta segregación.
Sur: herdeiros de Nemesia Rodríguez.
Leste: camiño ao Alqueidón (hoxe Rúa da Pomba).
Oeste: parcela de Enrique Méndez Rodríguez e finca formada por segregación e que adquire Gonzalo López Méndez.

PARCELA 2.

Superficie: 684 $m^2$.
Clasificación urbanística: solo urbano adscrito a viais principais (UC1).
Lindes:
Norte: parcela de Enrique Méndez Rodríguez, finca formada por segregación e que adquire Gonzalo López Méndez, estrada Santiago Noia, finca doada a Gonzalo López Méndez e finca formada por segregación e que adquire Gonzalo López Méndez.
Sur: parcela 1 desta segregación.
Leste: camiño ao Alqueidón (hoxe Rúa da Pomba), finca doada a Gonzalo López Méndez e finca formada por segregación e que adquire Gonzalo López Méndez.
Oeste: parcela de Enrique Méndez Rodríguez e finca formada por segregación e que adquire Gonzalo López Méndez.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, informando ao interesado que no caso de que pretenda construír novas edificacións nas parcelas segregadas, deberá proceder á cesión dos terreos afectados pola traza viaria, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DEL CARMEN LANDEIRA BARBEIRA, con domicilio en Piñeiro 14, Os Ánxeles, de solicitude de modificación da licenza de segregación concedida na Xunta de Goberno Local do 02/02/2011, da finca 371 de concentración parcelaria dos Ánxeles, no lugar de Buio, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado 591/2016, do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas.

O que se pretende é a modificación dos lindes da anterior licenza posto que non coinciden cos datos que constan no Rexistro da Propiedade de Negreira e non se pode inscribir.

Descrición da parcela matriz:

Parcela 371 de concentración parcelaria dos Ánxeles.
Superficie: 4.650,00 $m^2$
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2 e parcialmente, solo rústico de protección ordinaria.
Lindes:
Norte: Maximina Agrafojo Rodríguez (370 de concentración parcelaria).
Sur: zona excluída.
Leste: zona excluída.
Oeste: camiño de concentración parcelaria.

Descrición das parcelas resultantes cos lindes modificados:

PARCELA 371-1
Superficie: 1.320,00 $m^2$.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.
Lindes:
Norte: Maximina Agrafojo Rodríguez (370).
Sur: co resto da finca matriz (371-2).
Leste: co resto da finca matriz (371-2).
Oeste: co camiño de construído polo Servizo Nacional de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.

PARCELA 371-2
Superficie: 3.330,00 $m^2$.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2 (1.427,00 $m^2$) e parcialmente en solo rústico de protección ordinaria (1.903,00 $m^2$).
Lindes:
Norte: Maximina Agrafojo Rodríguez (370) e parcela segregada 371-1.
Sur: con zona excluída.
Leste: con zona excluída.
Oeste: co camiño construído polo Servizo Nacional de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural e parcela segregada 371-1.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a modificación da licenza solicitada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**OITAVO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PILAR GONZALEZ ROMA, con domicilio en San Salvador 26, San Salvador, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda de San Salvador 26, San Salvador.
A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Javier López Noguerol, que di actuar en representación da C.P. INXERIDO 1B, con domicilio en Rosalía de Castro 62, baixo, Milladoiro, Ames, na que comunica que vai lavar e pintar as fachadas do edificio da Rúa Inxerido 1, Os Ánxeles.
A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UNC1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANDREA MARTINEZ RIVAS, con domicilio en Lamiño 43, Brión, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Lamiño 43, Brión:
- Colocación dun tubo de formigón de 50 cm. de sección e 4 metros de largo sobre a cuneta de entrada á parcela con referencia catastral 15013A060011340000UD.
- Modificar a colocación do portalón de entrada á parcela e situalo máis ao interior, mantendo a distancia mínima de 5 metros ao eixo do camiño.
A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de

propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que se repoña ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Barbazán Agrafojo, que di actuar en representación de MARIA MERCEDES VILLAR CAJUSO, con domicilio en Vilar 10, Viceso, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Vilar 10, Viceso:
- Limpar e encintar un muro de pedra existente de 70 metros de largo, sen incrementar o seu volume (altura).
- Retirar os postes de pedra e a maia existente.
A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**NOVENO.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

Deuse conta dun erro na comunicación de obras autorizada a MARIA SONIA CALVIÑO VIZOSO, pola Xunta de Goberno Local o 23/06/2016, para a construción dun peche de parcela no lugar da Rúa Cancelos 14, Os Ánxeles. O erro detectouse na distancia marcada ao eixo da estrada á que da fronte.

Visto o informe da arquitecta asinado o 15/06/2016 onde figuraba a distancia de 5,00 metros, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de oficio, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado nos seguintes termos:

Onde di: O peche situarase a 5,50 metros do eixo da estrada á que da fronte.

Debe dicir: O peche situarase a 5,00 metros do eixo da estrada á que da fronte.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 12.25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde O secretario
Vº e Prace

José Luis García García Javier Nieves González